



OURENSE, A VINTE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 6-2025 / TEMPADA 2024-25

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALEGA; XUVENIL

Equipos participantes: C.W. PONTEVEDRA - C.W. CORUÑA RÍAS ALTAS

Día, hora e lugar: 15-2-25; 14:00

FEITOS

ÚNICO: O día 17/12/24 foi remitido a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, se recollen os seguintes feitos:

*"A continuación, no minuto 06:39 do último período amósaselle tarxeta amarela ao adestrador local, **D. Iago Carabelos**, por protestar cos brazos erguidos cara a mesa auxiliar berrando "¿Y las banderas qué!?". Ao rematar o partido achégase a desculparse pola súa conduta."*

FEITO SEGUNDO: O día 2 deuse trámite de audiencia ós interesados polo prazo de dous días hábiles

FEITO TERCEIRO: Realizáronse alegacións que non desvirtúa a presunción de veracidade da que goza a acta arbitral.

FEITO CUARTO: O xogador foi sancionado por idénticos feitos nas actas 58/24 e 1/25, ambas da tempada presente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO: A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "Iuris tantum" que non foi desvirtuada; a maior abundamento non se fixeron alegacións.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO: Os feitos como constitutivos de infracción **LEVE** do art.7. I. 1. epígrafe "A": Protestar de forma ostensible ou insistente aos xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCERO: As sancións que se poden impoñer, con base no artigo 8 son:

- a) Inhabilitación a perpetuidade
- b) Suspensión temporal. Privación da licenza federativa
- c) Amoestación.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO: As sancións que se contemplan para infraccións leve no art. 9 son, entre outras: Suspensión de ata un mes, ou dun a catro encontros.

RESOLUCIÓN

Impor a **IAGO CARABELOS**, con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos:

SANCIÓN LEVE, consistente en **SUSPENSIÓN TEMPORAL DA LICENCIA FEDERATIVA POR TRES ENCONTROS DE CALQUERA CATEGORÍA**.

José Antonio Nóvoa
Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623

Xuiz Unico Comité de Competición da FEGAN
Firmado dixitalmente